

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*RESOLUCIÓN do 29 de febreiro de 2024 pola que se convocan as actividades de formación continua para o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico e da Administración institucional.*

Aprobado polo Consello Reitor deste organismo o programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2024, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, procede convocar as actividades de formación continua correspondentes ao primeiro semestre do ano 2024 para o persoal ao servizo da Administración xeral autonómica de Galicia, da Administración institucional e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, enunciadas na alínea a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que se detallan nos anexos desta resolución.

**RESOLVO:**

Convocar as actividades formativas que figuran no anexo II, que se deberán desenvolver segundo as bases detalladas no anexo I.

Santiago de Compostela, 29 de febreiro de 2024

Sonia Rodríguez-Campos González  
Directora da Escola Galega de Administración Pública

**ANEXO I****Bases****Primeira. Requisitos dos/das participantes**

1. Poderá participar nas accións formativas convocadas nesta resolución o persoal empregado público destinado na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nas entidades públicas instrumentais enunciadas na alínea a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na Administración institucional, que se encontre en situa-



ción de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e para cada un dos casos no anexo II.

Exceptúase o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade; o persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia e bombeiros, e o persoal do Servizo Galego de Saúde. Non se entende por tal o persoal empregado público da escala de saúde pública e administración sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Sen prexuízo do anterior, poderán ofertarse actividades formativas ao persoal empregado público pertencente a outras entidades, organismos e institucións públicas, cando así se estableza na epígrafe «persoal destinatario» da actividade formativa.

#### Segunda. *Desenvolvemento das actividades de formación*

Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria. A información relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web <<https://egap.xunta.gal>>.

#### Terceira. *Solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes de participación nas actividades formativas só se poderán realizar mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>>, desde as 9.00 horas da data de inicio do prazo de presentación de solicitudes e ata as 14.00 horas da data de finalización. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.

2. O número máximo de cursos que se poden solicitar durante o prazo de presentación de solicitudes límitase a cinco.

3. Non está permitida a realización de actividades de formación que teñan simultaneidade de horarios nunha ou varias sesións presenciais ou telepresenciais das actividades.



Cando a/o alumna/o teña coñecemento de que foi seleccionada/o para un curso que teña coincidencia horaria con outro en que xa foi seleccionada/o, debe renunciar a un deles. No caso de que se comprobe con posterioridade que unha persoa realizou simultaneamente varias actividades, non se lle expedirá certificación de ningunha delas e pasará ao final das listaxes de todas as actividades formativas que solicite e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

4. Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non se axusten ao formulario de solicitude, non teñan cubertos correctamente os datos precisos para a realización do proceso de selección ou se presenten fóra de prazo.

5. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas das actividades solicitadas e pasarán ao final das listaxes de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

6. As persoas interesadas en recibir mensaxes sobre o proceso de selección deberán facilitar un enderezo de correo electrónico e/ou un número de teléfono móbil.

7. As persoas solicitantes de actividades impartidas na modalidade de teleformación e/ou telepresenza deberán dispor dunha conta de correo electrónico cuxo enderezo terán que indicar na solicitude e dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

- Un computador con conexión á internet.
- Un navegador web actualizado.
- O software correspondente a cada actividade e indicado no anexo II desta resolución.

Para as actividades impartidas na modalidade de telepresenza contarán, ademais, cun manual de usuario na páxina web da EGAP na seguinte ligazón <<https://egap.xunta.gal/formulariosrecursos>> onde se indica como acceder a esta plataforma de telepresenza e os compoñentes que o equipo necesita para un funcionamento básico da plataforma.

8. As persoas que necesiten acreditar circunstancias específicas (discapacidade ou permisos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral), de acordo cos criterios de



selección, deben cubrir na súa área de matrícula todos os campos, marcando o recadro de verificación de que están nalgunha destas situacións específicas, e remitirle á EGAP a correspondente documentación complementaria, xunto cunha copia do formulario da matrícula, ao enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>, sen prexuízo do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro). A dita documentación deberá enviarse por unha única das vías indicadas; no caso contrario só serán considerados os datos achegados por correo electrónico. A documentación deberá presentarse dentro do prazo sinalado no punto 1 desta base.

9. A EGAP adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación das solicitudes. As dúbidas, as dificultades técnicas e as peticións de información complementaria serán atendidas a través dos números de teléfono 981 54 62 57, 981 54 62 54, 981 54 63 35 e 981 54 62 53 en horario de atención ao público (das 9.00 ás 14.00 horas) e do enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>.

#### Cuarta. *Comprobación de datos*

1. Os datos persoais proporcionados polas persoas interesadas para a xestión das solicitudes de participación na acción formativa convocada a través desta resolución, así como aqueles outros que se recollan ou elaboren con motivo do desenvolvemento desta, serán tratados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP) na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de levar a cabo a selección do alumnado, a impartición da formación e a xestión xeral desta.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPDP), con base no disposto na Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPDP). Os datos identificativos das persoas seleccionadas para participar nesta acción formativa serán publicados conforme o detallado na base sexta desta resolución. Así mesmo, os datos dos alumnos e alumnas relativos á súa participación nesta acción formativa poderán ser comunicados aos órganos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia cando sexa estritamente necesario para o exercicio das súas competencias.

As sesións dos cursos impartidos na modalidade de telepresenza serán gravadas coa finalidade de ofrecerlle ao alumnado a posibilidade do seu visionamento posterior como



material de estudo, así como para a resolución de posibles reclamacións. En todo caso, o alumnado, se o considera oportuno, poderá desactivar a súa cámara e/ou micrófono e participar a través do chat de acordo coas indicacións da persoa docente. As ditas gravacións conservaranse á disposición do alumnado e profesorado mentres dure a acción formativa ou, de ser o caso, ata que finalice a avaliación do alumnado. A retransmisión das sesións formativas, e a gravación destas, poderá ser accesible unicamente ao profesorado e alumnado a que van dirixidas e ao persoal da EGAP autorizado.

Prohíbese expresamente a descarga, a difusión, a distribución ou a divulgación das gravacións, e particularmente a súa compartición en redes sociais, xa que estes usos poden conculcar o dereito á protección de datos, o dereito á propia imaxe e os dereitos de propiedade intelectual, e poderían xerar responsabilidade disciplinaria, administrativa ou civil. As gravacións non poderán ser usadas para outros fins fóra do ámbito docente.

As persoas interesadas poderán solicitar ante a persoa responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento por motivos relacionados coa súa situación particular, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

2. Conforme o disposto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para a tramitación do procedemento de selección consultaránse automaticamente os datos das persoas solicitantes desta acción formativa necesarios para realizar o proceso de selección, salvo que a persoa interesada se opoña a iso.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo expresamente incluíndo os motivos de oposición relacionados coa súa situación particular e achegar os documentos que indiquen a súa situación administrativa, tipo de persoal e antigüidade na Administración, a través do seguinte enderezo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.



5. A EGAP poderá pedir as certificacións necesarias para realizar a selección de acordo cos criterios recollidos nesta convocatoria.

Quinta. *Criterios de selección*

1. Os criterios de selección que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na Resolución da Escola Galega de Administración Pública do 10 de maio de 2023 (DOG núm. 96, do 23 de maio); corrección de erros (DOG núm. 130, do 10 de xullo, e DOG núm. 148, do 4 de agosto), sen prexuízo dos criterios específicos establecidos na epígrafe «Persoal destinatario» de cada actividade formativa incluída no anexo II desta resolución.

Os empates desfaranse de acordo co resultado do sorteo a que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG núm. 58, do 25 de marzo). Para o ano 2024, segundo a Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 31 de xaneiro (DOG núm. 29, do 9 de febreiro), comezarse pola letra H.

2. No caso de que non haxa un suficiente número de solicitantes que cumpran os requisitos do curso, poderá completarse o número de alumnos/as asignado mediante a apertura dun novo prazo público na páxina web da EGAP.

Sexta. *Publicación das relacións do alumnado seleccionado*

1. A EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> unha relación das persoas admitidas, en reserva e excluídas para participar en cada curso, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

Sétima. *Cambios ou substitucións na selección. A renuncia. A asistencia e o seguimento das actividades formativas*

1. En ningún caso serán admitidos cambios ou substitucións entre as persoas seleccionadas.

2. A renuncia.

a) As persoas seleccionadas poderán renunciar á actividade formativa. A renuncia debe ser comunicada por escrito á EGAP. Na páxina web da Escola está dispoñible un modelo de renuncia.



Para formalizar a renuncia poderase utilizar, ademais do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro), o enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>.

O prazo para presentar escrito de renuncia iniciarase o día seguinte ao do remate do prazo de matrícula e finalizará tres días antes do inicio da actividade formativa.

b) As persoas que incumpran o prazo previsto pasarán ao final das listas de espera de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade, agás que a renuncia teña algunha das seguintes causas:

1º. Por causa de forza maior suficientemente acreditada.

2º. Por necesidades do servizo debidamente motivadas por parte dos/das responsables dos centros directivos.

3º. Por razóns de conciliación familiar.

4º. Por outras causas xustificadas documentalmente.

O feito de non contar co software correspondente a cada actividade e indicado no anexo II desta resolución non se considerará causa xustificada para renunciar á actividade formativa fóra de prazo.

3. A asistencia e o seguimento das actividades formativas:

3.1. Seguimento das actividades presenciais e telepresenciais:

a) Son obrigatorias a asistencia ás sesións da actividade formativa e a puntualidade.

b) Durante a actividade formativa terá lugar un control permanente de asistencia e puntualidade, incluídos controis extraordinarios.

c) As faltas de asistencia:

1º. Non poden superar en ningún caso o 10 % das horas lectivas presenciais ou telepresenciais. En todo caso, as faltas de asistencia deberán xustificarse documentalmente,





ante as persoas responsables da actividade formativa, nun prazo máximo de dez (10) días contados a partir do día da finalización desta actividade. As persoas que incumpran o dito anteriormente perderán o dereito ao certificado de participación na actividade formativa.

2º. Aquelas persoas cuxas faltas de asistencia superen o 50 % das horas lectivas presenciais ou telepresenciais pasarán ao final das listas de espera de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

### 3.2. Seguimento das actividades de teleformación:

As persoas que non completen o 50 % das actividades e tarefas propostas pola titoría pasarán ao final das listas de espera de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

#### Oitava. *Superación da actividade formativa*

Para poder superar as actividades formativas, será necesario cumprir os seguintes requisitos:

a) Para as actividades presenciais e telepresenciais: cumprir coa porcentaxe de asistencia indicada no punto 3.1, alínea c), e superar a proba de avaliación que se realizará ao final delas.

#### b) Para as actividades de teleformación:

– A adecuada realización de todas as actividades que o/a titor/a propoña. Estas deben constar debidamente presentadas nos prazos estipulados na programación didáctica do curso. A non superación das actividades obrigatorias suporá a perda automática do dereito a participar no exame final.

– A superación dunha proba de avaliación final.

Ao inicio da actividade formativa publicarase o correspondente programa na plataforma de teleformación e indicaranse as probas de avaliación previstas, así como as datas en que estas terán lugar. Nestas actividades, as probas de avaliación finais serán en liña. A EGAP informará, a través da súa páxina web e tamén a través da plataforma de teleformación, das datas concretas e das horas da proba final.





**Novena. *Certificados***

Para a obtención do certificado de aproveitamento en que o alumnado deberá obter a avaliación positiva do seu profesorado, o cal emitirá un informe declare apto/a ou non apto/a cada alumno/a en función do resultado da proba de avaliación.

**Décima. *Facultades da EGAP***

1. A EGAP resolverá aquelas incidencias que se poidan producir no desenvolvemento e na xestión das actividades formativas e pode suprimir algunha, ampliar novas edicións da programación ou programar outras actividades diferentes cando así o exixan as circunstancias que afecten a súa organización ou docencia. Tamén lle corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e o cumprimento desta resolución.

2. A execución material das actividades queda condicionada á existencia de crédito orzamentario adecuado e dispoñible e á autorización correspondente do gasto.

3. No suposto de que o número de admitidos/as sexa inferior ao 50% das prazas convocadas, a EGAP reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

4. A EGAP poderá modificar os contidos, o desenvolvemento, as datas e os lugares das actividades formativas, así como resolver todas as contingencias que poidan xurdir. Todas as modificacións que afecten o desenvolvemento das actividades serán anunciadas na páxina web da Escola.

5. A EGAP garantirá, na totalidade das actividades derivadas desta convocatoria, a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a eliminación de calquera tipo de discriminación e o fomento dos dereitos de conciliación.





ANEXO II

Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Modalidade/localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas								
FC24007	A accesibilidade universal	50	30	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	11.4.2024	11.5.2024	15.5.2024, 17.30 horas
FC24009	A nova administración electrónica	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	8.4.2024	2.5.2024	6.5.2024, 19.30 horas
FC24010	A regulación da intelixencia artificial na Administración pública	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	6.5.2024	30.5.2024	4.6.2024, 16.30 horas
FC24011	A responsabilidade do persoal empregado público	50	22	Empregados/as públicos/as da Administración autonómica e empregados/as das entidades locais de Galicia, preferentemente, habilitados nacionais e funcionarios da Administración local dos grupos A1 e A2 que teñan responsabilidades en materia de tramitación e instrución deste tipo de expedientes.	Teleformación	21.5.2024	12.6.2024	17.6.2024, 16.30 horas
FC24012	A responsabilidade patrimonial da Administración pública	50	30	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	23.4.2024	23.5.2024	27.5.2024, 16.30 horas
FC24013	A transformación e evolución do emprego público desde a Lei 2/2015	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	11.4.2024	2.5.2024	6.5.2024, 16.30 horas
FC24016	Básico de subvencións e normativa aplicable	50	30	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Mixto: teleformación + telepresenza	Do 2.5.2024 ao 3.6.2024 Sesiões de telepresenza: 7 e 23 de maio, das 17.00 ás 19.30 horas		7.6.2024, 16.30 horas
FC24016	Básico de subvencións e normativa aplicable	50	30	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Mixto: teleformación + telepresenza	Do 12.9.2024 ao 14.10.2024 Sesiões de telepresenza: 18 de setembro e 2 de outubro, das 17.00 ás 19.30 horas		18.10.2024, 16.30 horas
FC24021	Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	23.5.2024	12.6.2024	17.6.2024, 17.30 horas





Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Modalidade/localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
FC24021	Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	3.10.2024	23.10.2024	28.10.2024, 16.30 horas
FC24024	Incompatibilidades do persoal empregado público de Galicia	50	18	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	3.4.2024	21.4.2024	25.4.2024, 16.30 horas
FC24028	Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	8.4.2024	29.4.2024	3.5.2024, 17.30 horas
FC24028	Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	17.9.2024	7.10.2024	10.10.2024, 16.30 horas
FC24029	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	11.4.2024	8.5.2024	13.5.2024, 16.30 horas
FC24029	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	6.5.2024	31.5.2024	4.6.2024, 17.30 horas
FC24029	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	31.10.2024	24.11.2024	28.11.2024, 17.30 horas
FC24030	Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	2.5.2024	27.5.2024	31.5.2024, 17.30 horas
FC24031	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	15.4.2024	10.5.2024	15.5.2024, 18.30 horas
FC24031	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	2.10.2024	27.10.2024	30.10.2024, 17.30 horas
FC24032	Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	15.4.2024	10.5.2024	14.5.2024, 18.30 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Modalidade/localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
FC24033	Nóminas e retribucións do persoal	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	3.4.2024	28.4.2024	2.5.2024, 16.30 horas
FC24033	Nóminas e retribucións do persoal	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	17.10.2024	11.11.2024	14.11.2024, 17.30 horas
FC24034	O procedemento sancionador tras a Lei 39/2015 e a Lei 40/2015, do 1 de outubro	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	2.5.2024	23.5.2024	27.5.2024, 17.30 horas
FC24036	Permisos e licenzas do persoal empregado público. Réxime xurídico e tramitación	50	12	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	29.5.2024	8.6.2024	12.6.2024, 16.30 horas
FC24037	Prestacións da Seguridade Social e cotizacións	50	30	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	15.4.2024	14.5.2024	20.5.2024, 17.30 horas
FC24041	Revisión dos actos en vía administrativa	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	30.4.2024	24.5.2024	29.5.2024, 16.30 horas
FC24044	Tramitación de expedientes de contratación na Administración autonómica	50	30	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	13.5.2024	13.6.2024	18.6.2024, 16.30 horas
FC24096	A cidadanía e as administracións públicas: dereitos e obrigas	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	22.4.2024	19.5.2024	23.5.2024, 16.30 horas
FC24110	Transparencia: acceso á información pública e publicidade activa	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	27.5.2024	20.6.2024	25.6.2024, 17.30 horas
FC24120	O procedemento de contratación. Problemáticas actuais e doutrina vixente dos tribunais de contratación pública	30	21	Subgrupos A1, A2 e C1 da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional e das administracións locais.	Presencial Santiago de Compostela	6, 8, 9, 13, 15, 20 e 22 de maio, das 16.30 ás 19.30 horas		22.5.2024, 19.00 horas
FC24121	Boas prácticas ambientais nas administracións públicas	50	30	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	2.5.2024	31.5.2024	5.6.2024, 16.30 horas
FC24122	A axilidade na contratación pública: contratación menor e procedemento aberto simplificado	30	15	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Telepresenza	20, 21, 22, 23 e 27 de maio, das 16.30 ás 19.30 horas		27.5.2024, 19.00 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Modalidade/localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
FC24123	A elaboración da normativa autonómica: visión práctica	50	30	Persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2 da Administración autonómica.	Teleformación	20.5.2024	20.6.2024	25.6.2024, 16.30 horas
FC24124	Mellora da calidade dos servizos públicos	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	28.5.2024	16.6.2024	19.6.2024, 16.30 horas
Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades								
FC24015	Atención á cidadanía	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	5.6.2024	30.6.2024	3.7.2024, 16.30 horas
FC24017	Cambio e motivación nas organizacións	50	15	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	30.5.2024	13.6.2024	18.6.2024, 17.30 horas
FC24018	Como empregar metodoloxías áxiles no meu posto de traballo	25	12	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Telepresenza	4, 11, 18 e 25 de abril, das 16.30 ás 19.30 horas		25.4.2024, 19.00 horas
FC24019	Correo electrónico corporativo	50	12	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional con correo electrónico Outlook Web (OWA) corporativo e acceso á internet.	Teleformación	29.5.2024	8.6.2024	12.6.2024, 17.30 horas
FC24019	Correo electrónico corporativo	50	12	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional con correo electrónico Outlook Web (OWA) corporativo e acceso á internet.	Teleformación	9.9.2024	20.9.2024	24.9.2024, 16.30 horas
FC24022	Destrezas persoais e xestión do cambio en situacións de crise	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	22.4.2024	12.5.2024	15.5.2024, 16.30 horas
FC24023	Diagnóstico do clima organizacional. A optimización do recurso humano	50	30	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	10.4.2024	9.5.2024	14.5.2024, 17.30 horas
FC24035	Organización e simplificación do traballo administrativo	50	12	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	2.4.2024	14.4.2024	17.4.2024, 16.30 horas
FC24038	Prevención e xestión de conflitos	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	13.5.2024	5.6.2024	10.6.2024, 17.30 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Modalidade/localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
FC24039	Protocolo institucional na Administración pública	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	25.4.2024	16.5.2024	21.5.2024, 17.30 horas
FC24042	Técnicas de xestión executiva no sector público	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	8.4.2024	28.4.2024	2.5.2024, 17.30 horas
FC24043	Técnicas elementais de arquivos	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	15.4.2024	10.5.2024	15.5.2024, 19.30 horas
FC24045	Coidado da saúde: actividade física e alimentación	25	16	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	4, 6, 11 e 13 de xuño, das 16.30 ás 20.30 horas		13.6.2024, 20.00 horas
FC24046	Como crear relacións saudables e produtivas no ámbito laboral	30	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	3, 5, 10, 12 e 17 de xuño, das 16.30 ás 20.00 horas 19 de xuño, das 16.30 ás 19.00 horas		19.6.2024, 18.30 horas
FC24047	Comunicación en público. Manexo da linguaxe xestual e corporal	30	15	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	9, 11, 16, 18 e 23 de abril, das 16.30 ás 19.30 horas		23.4.2024, 19.00 horas
FC24048	Técnicas e habilidades para a organización de reunións produtivas	30	12	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	6, 7 e 8 de maio, das 16.30 ás 20.30 horas		8.5.2024, 20.00 horas
FC24049	Técnicas para falar en público	25	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	21, 22, 23, 28 e 29 de maio, das 16.30 ás 20.00 horas 30 de maio, das 16.30 ás 19.00 horas		30.5.2024, 18.30 horas
FC24098	Comunicación interpersonal e asertividade. escoita activa e empatía	35	12	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Telepresenza	17, 18, 19 e 20 de xuño, das 16.30 ás 19.30 horas		20.6.2024, 19.00 horas
FC24111	Atención plena e xestión do estrés	35	15	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Telepresenza	23, 25 e 30 de abril; e 2 e 7 de maio, das 16.30 ás 19.30 horas		7.5.2024, 19.00 horas
FC24112	Técnicas de expresión escrita	30	15	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	8, 11, 15, 18, 22 e 25 de abril, das 16.30 ás 19.30 horas		25.4.2024, 19.00 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Modalidade/localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
FC24113	Xestión do estrés no contexto laboral	30	15	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	13, 15, 20, 22 e 27 de maio, das 16.30 ás 19.30 horas		27.5.2024, 19.00 horas
FC24114	Deseño de plan de benestar no eido laboral	30	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	29 de abril; 6, 13, 20 e 27 de maio, das 16.30 ás 20.30 horas		27.5.2024, 20.00 horas
FC24115	Comunicación e liderado nas administracións públicas	35	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Presencial Santiago de Compostela	4, 9, 11, 16 e 18 de abril, das 16.00 ás 20.00 horas		18.4.2024, 19.30 horas
FC24125	Técnicas efectivas para preparar presentacións	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	25.4.2024	16.5.2024	21.5.2024, 16.30 horas
FC24126	Ferramentas de intelixencia artificial para un traballo eficiente	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Mixto: teleformación + telepresenza	Do 8.4.2024 ao 29.4.2024 Sesiós telepresenza: 17 e 24 de abril, das 16.30 ás 19.00 horas		3.5.2024, 18.30 horas
Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa								
FC24020	Creación e edición de arquivos dixitais con Acrobat XI Pro	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Teleformación	2.4.2024	25.4.2024	30.4.2024, 16.30 horas
FC24097	Autocad 2016-Nivel básico	25	35	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Telepresenza	16, 17, 18, 23, 24, 25 e 30 de abril, e 2, 7, 8 e 14 de maio, das 17.00 ás 20.00 horas 15 de maio, das 17.00 ás 19.00 horas		15.5.2024, 18.30 horas
FC24099	Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (LibreOffice Base)	50	50	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais; da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	2.4.2024	20.5.2024	23.5.2024, 18.30 horas
FC24100	Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft Access 2019)	50	50	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais; da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	2.4.2024	20.5.2024	23.5.2024, 19.30 horas





Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Modalidade/localidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
